

Grupo 1: Raúl, Aitor, Catalina e Paula

Luns 26 de Xullo de 1778 *Queixas e mais queixas*

Xa levo un par de anos facendo cartóns para a Real Fábrica de tapices e non podo estar máis contento fealizando estes pequenos bosquexos, écheme de orgullo ver como logo se converten en grandes e fermosos tapices. Aínda recordo como o meu maestro e cuñado Francisco, irmán da miña querida María, me axudou a asentarme na corte e así poder ter os meus primeiros encargos.

Ata agora publiquei *La merienda a orillas del Manzanares* e *El baile de San Antonio de la Florida*, actualmente estou traballando en *El bebedor*. Xa o empezara o ano pasado e fáltame pouco para rematalo, o que intento representar é a sociedade española da Ilustración.

Levo bastante tempo facendo tapices e fun pulindo o meu estilo, xa que agora fago cousas que antes nin se me ocorrerían. Écheme de satisfacción traballar co meu estilo propio, pero isto tamén me trouxo algúns problemas: os tecedores estanse queixando de que os meus debuxos son imposibles de plasmar e din que fago demasiados detalles e sombras. Ademais, hai uns días, o director protestou tamén. Estas situacións créanme certa impotencia, o único que están facendo é queixarse das miñas obras.

Mércores 6 de Xaneiro de 1790 *Bos tempos*

Xa levo un ano traballando aquí, na Corte, desde que oficialmente son o pintor de cámara de Carlos IV. Antes traballei con Carlos III, pero retirouse, unha pena xa que era un dos meus mellores e máis honrados clientes, ademais de que era un dos que mellor me pagaba. Débolle moito xa que grazas a el son o pintor de cámara e comecei a destacar coas miñas obras. A maior parte da Corte está interesada nos meus servizos e páganme moitos cartos!

Estas semanas estou con varios cadros, intento rematar un cadro que titularei como *Sagrada Familia*, xa hai dous anos que o empecei e a punto estou de terminalo, faime moita ilusión poder ver o resultado ao completo. Hoxe tamén comecei a traballar nun autorretrato. Quero debuxarme a min mesmo traballando no meu taller, a ver que sae de aquí!

Domingo 15 de Febreiro de 1794 *Xordeira*

Despois de moitos meses de enfermidade, hoxe podoo dicir que xa me sinto mellor. Hai un ano viaxaba por Andalucía cando comecei a sufrir fortes dores de cabeza, alucinacións, mareos e incluso tiven dificultades para camiñar. Todos estes problemas foron desaparecendo, pero provocaron unha maior consecuencia da que non é posible curar, a xordeira, que cruel foi a vida! Creo que non o merecía. Durante moitos meses tentei buscarlle un remedio e incluso me aplicaron correntes cunha máquina capaz de crear electricidade (electrostática). O que fixeron foi colocarme un electrodo no oído afectado mentres que no outro oído colocaron o outro electrodo e tiven que estar así uns minutos. Pero foi en van, non funcionou, cada vez escoito menos. Desespérome aínda que, malia todo, puido ser peor, podería ter morto ou peor, ter perdido a vista. Que pintor sería se non puidese ver as obras que fago, sería unha traxedia! O rei destituiríame como pintor da corte e non recibiría máis encargos, sería horrible!

Martes 25 de Marzo de 1799 *Malestar*

Hai máis dun mes anunciei no *Diario de Madrid* a venda de *Los Caprichos*, unha colección de oitenta estampas de asuntos caprichosos gravados á augaforte.

Decepción, rabia e ira é o que sentín cando tan só 14 días despois tiven que retirar a edición porque Godoy e os ilustrados perdían o poder. Era inevitable, non quero ter problemas coa Inquisición ...

Hai uns anos tiven o pracer de coñecer a Gaspar Melchor de Jovellanos, Juan Meléndez Valdés, Leandro Fernández de Moratín e Juan Agustín Ceán Bermúdez, importantes intelectuais e cos que comparto as ideas da Ilustración. Pero Carlos IV paralizou as ideas ilustradas e apartou os pensadores máis avanzados da vida pública, polo que moitos dos meus amigos con ideais ilustrados foron perseguidos. Con *Los Caprichos* intentei difundir a ideoloxía da minoría intelectual dos ilustrados e ter que eliminar a venda destes gravados molestoume moito.

Xoves 18 de Xullo de 1816 *En guerra*

Non fai falta que ninguén me diga que os tempos nos que me tocou vivir non son os mellores. Desde moi xove presenciei numerosos enfrontamentos entre o pobo, xa sexa polas enormes diferenzas entre clases, a pobreza excesiva, a fame e, sobre todo, debido a estes últimos ideais de Ilustración que se están estendendo.

Un conflito realmente importante é a Guerra da Independencia que, aínda que agora parece que calmou un pouco, levamos dende 1808 así. Ninguén desexaría vivir nun país en guerra.

Estes acontecementos marcáronme xa que fun testemuña de numerosas mortes moi desagradables, aínda que isto servíume de inspiración nalgunhas das miñas obras.

Actualmente estiven a traballar en *Los desastres de la guerra*, unha serie de gravados nos que intentei representar o medo vivido na guerra e detallar as numerosas crueldades que ocorreron durante este período.

Frases destacadas:

- **Primeira entrada:** “Éncheme de satisfacción traballar co meu estilo propio pero isto tamén me trouxo algúns problemas”
- **Segunda entrada:** “A maior parte da Corte está interesada nos meus servizos e páganme moitos cartos!”
- **Terceira entrada:** “Despois de moitos meses de enfermidade, hoxe podo dicir que xa me sinto mellor.”
- **Cuarta entrada:** “Decepción, rabia e ira”
- **Quinta entrada:** “Ninguén desexaría vivir nun país en guerra.”